

Gustaríame ter un fío que unise as nosas almas. Fálame de contos, mais neles nunca estamos ti e máis eu. Sento a parte do meu corazón que agarda a nosa unión. Ves todos os días buscarme, mais nunca atopas a miña ollada, esa que sempre te busca e nunca é capaz de encontrarte. Lembro o primeiro do teus soños que me contaches, poder voar, e eu respondín que sempre que o meu corazón pense en ti poderías facelo. Trangalladas que che diría unha e mil veces. Cada día ando un pouco máis cansa, fáiseme máis difícil todo, todo menos quererte. Co meu ollo vello vexo o teu pasar e namoro cada día un pouco máis, gustaríame poder acompañarte cada intre e en cada un dos teus pasos. O primeiro día que foches a escola recorremos o paseo da man, contábasme como soñabas que ía ser todo, e eu non podía facer desexarte que se che cumpriran todos os teus soños e máis. Pregúntome, cando eu non estea, quen cumprirá os teus soños? Espero que a luz acompañe o teu camiño. Mais desta forma egoísta desexaría ser partícipe de todo, sempre estar no teu corazón, ver cada día o teu sorriso. O meu corpo xa non responde como debía, os xeonllos se me dobran e as pernas me tremen, mais o teu brazo faime forte. Quero estar no día da túa voda, no nacemento do teu primeiro fillo e do último. Os meus ollos xa non vislumbran con claridade, mais non necesito verte para saber o fermosa que eres. E cando a luz se vaia dos meus ollos e a miña alma voe, podereite acompañar en todos os momentos, e así ti poderás voar conmigo. Nunca me chores miña rapaza, nunca chores por un atisbo de min, lémbreme sempre coma a cumpridora dos teus desexos.

Sempre túa, a cumpridora do teus soños.